

ACTA DO TRIBUNAL CALIFICADOR DAS PROBAS PARA A SELECCIÓN DE TRES SOCORRISTAS (SERVIZO DE VIXILANCIA DE PRAIAS)

Proceso selectivo: Contratación de TRES SOCORRISTAS mediante a modalidade de contrato laboral temporal a xornada completa durante un período dun máximo de dúas mensualidades.

Nas dependencias da Casa de Cultura "Cuartel Vello" do Concello de Rianxo, sendo as 10.55 h, do día 26 de xuño de 2018, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para prover tres prazas de SOCORRISTAS, para a realización do SERVIZO DE VIXILANCIA DE PRAIAS segundo subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da orde do 12 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2018 e segundo as bases e tribunal aprobados pola Resolución da Alcaldía núm. 526/2016 do 19/06/2018 e a Resolución da Alcaldía número 547/2018 de data 25/06/2018 de modificación da composición do tribunal e datas de probas, coa seguinte composición:

Presidente suplente: Enrique Manuel López González, técnico medio de actividades (II)

Vogal: Uxía Cespón Ordóñez, animadora cultural municipal (II)

Asesor Probas práctica: Simón Fariñas-Ferro Marín, (persoal técnico da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia (FESSGA))

Secretaria: Vicenta A. Campaña Martínez, auxiliar administrativa municipal (C2)

Pola Presidencia declarase constituído o Tribunal e dáse conta dos antecedentes do proceso.

Compróbase a documentación presentada polos 2 únicos aspirantes:

1. Yaiza Coira Pérez
2. Alba García Deán

A documentación é correcta e dáselle un tempo de 30 minutos para realizar a proba escrita, comenzando esta ás 10.20 h e rematando ás 10.50 h.

As 10.49 h, remátase a proba escrita, realizando a continuación a proba de RCP as dúas aspirantes obtendo o resultado de APTAS.

Tamén se lle recolle neses momento a documentación xustificativa dos méritos alegados e de coñecemento de galego, polo que queda exento de realización da dita proba.

Sendo ás 11.22 h trasládanse os membros do tribunal e as persoas aspirantes á Piscina Municipal para realizar a proba de natación na que acadan o seguinte resultado:

1. Yaiza Coira Pérez: 53 segundos
2. Alba García Deán: 1 minutos, 17 segundos

Rematadas todas as probas e valoracións, as persoas aspirantes obtén a seguinte puntuación final:

Apelidos e nome	Req. Mín.	Oposición					TOTAL
		R.C.P.	Natación	Proba Escrita	Concurso	Entrevista	
Yaiza Coira Pérez	Si	Apto	10,00	3,30	1,00	2,00	16,30
Alba García Deán	Si	Apto	6,00	2,85	2,50	2,00	13,35

De acordo coas bases que rexen a convocatoria o Tribunal propón ás dúas aspirantes para cubrir, temporalmente, dúas prazas de SOCORRISTA do Concello de Rianxo.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 11.17 h, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será subscribida polos membros do Tribunal.

A presente acta será exposta no Taboleiro de anuncios do Concello.

